

A FENTALA, UNHA MULLER NO FINAL DAS GAVILLAS

Xosé Manuel Vázquez Rodríguez

Nas comarcas da Ulloa, Chantada e Camba o nome da **Fentalá** segue mitificado, asociado ó medo soportado pola poboación de comezos do presente século. A ela atribúenselle numerosos actos de bandoleirismo, capitaneando unha das últimas gavillas que actuou por estas terras. Sen pretender xulgar conductas individuais, producto dunha sociedade complexa como o era a agraria tradicional, propoñémos nos recuperar unha parte da memoria colectiva dos maiores, recollendo a tradición oral e poñéndoa en relación con outros estudos rigorosos sobre o tema, o que nos dará unha aproximación máis integral a unha época histórica non lonxana.

O día 10 de Marzo de 1878 era bautizada na parroquia de Cerdeda, en Taboada, María Josefa Vázquez González, unha nena que, segundo consta no libro de bautizos de dita parroquia (1), nacera no día anterior. Levou os nomes da súa aboa materna, quen fixo de madriña nesta cerimonia litúrxica. Os seus pais estaban aveciñados no lugar da Cal de Mourelle, poboación lindante coa parroquia de Olveda (Antas de Ulla), sendo desta última natural a familia paterna da infanta.

O motivo do nacemento en Cerdeda débese á morada dos seus pais, pertencentes a unha familia humilde que percorreron diferentes lugares dada a súa condición de parceiros. No ano 1882, a nena contaba con catro anos, a familia trasladouse a Olveda —residindo en Fondevila, Igrexa e Monte—, onde o matrimonio formado por Ramón Vázquez García e Isabel González Conde tivo oito fillos, dos que catro morreron a moi corta idade (2). A xove María Josefa foi madriña en dúas ocasións dos seus propios irmáns.

A situación económica do agro galego de fins do pasado século era difícil, máis se os labregos non posuían as suficientes terras propias para soste á familia, como no caso que nos ocupa. Cando o número de fillos era elevado algúns deles debían procurar o sustento por sí mesmos, María Josefa Vázquez faríao sen recibir ningún legado, o que foi a orixe dun enfrontamento familiar e da desvinculación cos seus proxenitores e irmáns.

(1) Libro de bautizados da parroquia de Cerdeda, volume sexto, anos 1852-1913, folio 111.

(2) Libro de bautizados da parroquia de Olveda, volume terceiro, anos 1878-1914, folios 7, 9 (volto), 12, 14 (volto), 19, 21 (volto), 28 e 31.

A necesidade obrigouna a facerse xornaleira, obtendo co seu traballo o alimento imprescindible para manterse con vida. Por algún tempo fixou a residencia no lugar da Caira, na parroquia de Amoexa (Antas de Ulla), nunha casa arrendada que máis tarde tería que deixar, séndolle destellada por non pagar o aluguer; ademais tivo tamén un rebaño de ovellas sen dispoñer de terras onde levalas a pastar o que ocasionaba disputas cos veciños. Tampouco era ben acollida por algúns destes veciños, pois a súa reputación non era boa.

ALCUME E TRADICIÓN ORAL

A abundancia dunha especie de plantas, os fentos, deu nome á casa e ó lugar onde fixou a residencia a familia de María Josefa Vázquez González, e dese Fental derivaron os sobrenomes cos que era coñecida nas bisbarras próximas —**Fentala, Fentaleira, Fenteira, Fantala** ou **Fantaleira**— estando motivadas estas variacións por cambios fonéticos en palabras da familia de fento, aparecendo estas diferencias por áreas xeográficas. Esta muller, para a súa familia e achegados chamada **Mari-Pepa**, tivo tamén outros alias como o de **Chinita**.

Na memoria colectiva de moitos dos habitantes das comarcas da Ulloa, Chantada e Camba consérvanse vencellados ós alcumes da **Fentala** numerosas narracións orais, vividas por quen as conta ou transmitidas da anterior xeración, atribuídas á mesma. Son persoas maiores que con certos receos dan conta diante dun descoñecido do que eles lembran, como se o medo que inspiraba ese nome na súa mocidade lles impedise hoxe —máis de medio século transcorrido— falar abertamente. Son historias que se datan nos anos vinte e trinta do presente século; daquela María Josefa Vázquez era xa unha muller de mediana idade, coincidindo tódalas testemuñas en que aparentaba bastante maior, sendo nesta época moi popular xa que se desprazaba continuamente por estas bisbarras.

Os individuos que o pobo relacionaba coa gavilla non tiñan boa acollida no rural, aínda que tamén había casas onde se hospedaban cando estaban de paso. Un veciño de Terrachá (Antas de Ulla) recorda que cando eles eran nenos observabana polo oco da pechadura dunha porta do lugar onde paraba, lémbraa así:

Quedábase na casa do Xabariz /casa rica dun tratante de gando/, mandábanlle quitar un brazado de palla que poñían na corte da besta, durmindo ela encima; acendía unhas velas e quitaba as enaguas poñendo os coitelos arredor. Deciase que andaba na gavilla.

A frase do remate é unha constante que aparece nos relatos recollidos. Este mesmo informante ofrécenos a súa opinión da suposta conexión desta muller coa gavilla, parece que se repite na área próxima á parroquia de Olveda, de onde era natural a familia da **Fentala**:

Non facía mal ós veciños, andaba soa polos camiños, e de noite, ofrecéndose a acompañar ós mozos que ían das romarías, pero eles aínda tiñan máis medo coa súa compañía.

As accións das gavillas eran achacadas á **Fentala** en zonas xeográficas alonxadas, das que non eran veciños os presuntos autores, sendo nestas terras onde a mala

fama e a mitificación foi maior. Unha veciña de Río de Novelúa (Monterroso) cóntanos:

No Coto /Novelúa/ había unha casa soa, hoxe en ruínas, habitada por uns labregos moi pobres; os ladróns nada lles deixaron, ata lles roubaron a culler do pote. Dise que fora a gavilla da Fenteira, eu non o sei.

Nestas áreas dáse por sentado que a **Fentalá** andaba nas gavillas, o que non se asegura é se era a súa a que levara a cabo determinadas accións. A popularidade chegou ata o extremo, segundo nos conta a anterior informante, de popularizar unha frase que se aplicaba ós veciños de mala sona:

ES MÁIS LADROA QUE A FENTEIRA

Os bandoleiros chegaban a empregar métodos violentos para acadar os obxectivos propostos. Unha veciña de Sambreixo (Monterroso) relátanos un intento de roubo sufrido cando chegou ó lugar:

Estabà pola tarde nun prado chamado Sestelo, achegáronse a min uns mozos e dixéronme:

—Boas tardes señora, ¿sabe quen veu casar aquí da Casa Grande de Ladar?

—Non veu nadie —dixenlles, pois eu era de Ladar, pero da Casa Pequena.

—¡Con que non veu ningunha de Ladar, eh! —volveron dicirme eles, como se eu negara o que eles sabían.

Á noite estaba facendo a torta na artesa dun cuarto, e baixei á corte, dándome alí un home unha labazada moi forte. Dous días despois volveron entrar á casa, tapáronme a boca, e dixéronme:

—¡Ti non es de Ladar, eh!

Intentaron meterme nunha hucha, e quedei sen coñecemento. Eles marcharon cando veu o meu home, que tirou uns tiros pola ventá para asustalos.

A explicación que lle dá ós feitos é clara en canto á elección da vítima, sendo a acostumada con respecto á autoría:

Había pouco tempo que viñera de Ladar, e traía algúns cartos de dote. Decíase que aquilo sería cousa da Fentaleira, aínda que non se sabe se sería ela.

Non foi este o único episodio que se viviu na parroquia de Sambreixo relacionado co bandoleirismo, a comezos dos anos trinta houbo unha verdadeira rapina sobre o lugar, así a conta outra informante que foi veciña do pobo:

Andaban uns mozos polas aldeas, aínda que tiñan por costume esconderse nas xesteiras ás veces víanos de día a cara descuberta. Entraban pola noite nas casas, facendo moitos roubos, levaban a ceba /chourizos e xamóns preferentemente/, polo que a Garda Civil de Monterroso deu permiso a catro mozos de Sambreixo para que fixesen garda con escopetas, pero esto non valeu tampouco de moito.

Os relatos de encontros con bandoleiros, nos que o viandante era detido e identificado, son moi numerosos; neles aparece unha muller —que os narradores recoñecen con a **Fentalá**— capitaneando o grupo. Un veciño do lugar de Timós, en Rial (Antas de Ulla), cóntanos un destes encontros:

Unha vez viña de onda uns tíos de Santiso, topeina e botoume as mans ó ramal da besta, e preguntoume:

—¿De quen es fillo?

—De Rafael —díxenlle.

—Logo pasa —dixo ó fin.

Na identificación do transeúnte aparece a necesaria pregunta tradicional pola que se buscan as orixes familiares dun descoñecido. Supoñemos que estaban agardando por outra persoa, un individuo determinado con anterioridade, e tiñan tamén escollido o lugar onde poder atracalos con facilidade. Aínda que, como nos conta unha informante do Campo (Taboada), non sempre conseguían o seu obxectivo dadas as medidas de prevención que adoptaban as posibles vítimas:

Ía o que daquela era cura da parroquia, don José Toande, na besta pola ponte do Toldao cando apareceu unha muller cuns nenos no colo, pedíndolle que parara para levarlle os nenos. El recoñeceuna como a Fentala, e segundo dicía parouse un pouco sacando unha medalla que levaba no peto /que era o nome que lle daban á pistola/, e seguiu o camiño sen que os ladróns se achegasen.

OS ESTUDIOS SOBRE AS GAVILLAS

O bandoleirismo en Galicia foi tratado en numerosos traballos nos que priman as referencias literarias, sendo Beatriz López Morán a autora do estudo máis documentado sobre este tema (3), centrado nos anos 1820-1824, no que se revisa o mito do bandoleirismo coa súa lenda de cabaleiros xenerosos, establecendo diferenciacións claras entre o caso galego e o modelo andaluz. Unha das conclusións ás que chega é que os marxinaos sociais atopan nestas bandas unha saída ás dificultades económicas que padecen, facéndose membros das gavillas para sobrevivir. A pesar da diferenza dun século entre a época estudada e os tempos en que viviu a **Fentala** as coincidencias son grandes tanto nas explicacións dadas que propiciaron o bandoleirismo como nas formas de actuar, a composición dos grupos e as relacións coa sociedade da época.

Destacar tamén as referencias que fai esta investigadora á gavilla Chantada-Taboada-Monterroso, actuando nas primeiras décadas do século XIX, recollendo nesta área o número de dezasete bandoleiros, coa peculiaridade de que oito proceden da parroquia de Vilar de Cabalos (Taboada), sendo desta freguesía o seu dirixente, Francisco Quiroga, aínda que o capitán era José Gómez, o **Zorro**, natural da parroquia taboadense de Couto.

As semellanzas entre a sociedade de comezos do século XIX e a das primeiras décadas do XX son notorias, nela mantéñense elementos do Antigo Réxime sendo a poboación basicamente agraria cunha mentalidade tradicional. Aquela sociedade pouco ten que ver coa poboación rural na actualidade, con ela desapareceu tamén o

(3) López Morán, Beatriz. "El bandolerismo gallego". Col. Extramuros, Xerais, 1984.


bandoleirismo propio daquela época, pois foron grandes os cambios que se deron nas formas de relación e de intercambio económico, nos medios de comunicación e transporte, e na eficacia do sistema de protección, xudicial e penal —aínda que cómpre ser coidadosos coa última parte do exposto xa que a inseguridade dos camiños foi, e segue a ser, utilizada ó longo da historia como un razonamento para xustificar cambios políticos e sociais, polos de oposición a un réxime establecido.

As gavillas de bandoleiros, revolta contra un sistema inxusto no que había un desequilibrio manifesto entre a poboación e os medios de subsistencia, estaban compostas fundamentalmente por marxidados da sociedade, persoas sen terra, feirantes que levaban unha vida ambulante, e outros desarraigados. Nestas circunstancias estarían ademais da **Fentalá** outras persoas da mesma época que o pobo relaciona coa gavilla, como son o **Corzo** de Lodoso (Monterroso), a Generosa de Pedrouzos (Taboada), ou Manuel de Casares (Rodeiro). A idade dos compoñentes destas agrupacións era variable, sendo en algúns casos xa avanzada.

As vítimas eran escollidas tendo en conta as facilidades para levar a cabo a acción, preferentemente de noite e en lugares aillados, moitas veces atemorizando á poboación; na súa maioría feirantes, curas e casas soas ou naquelas en que había un coñecemento previo da existencia de diñeiro. En canto á frecuencia con que aparecían nos camiños débese a que os gavielleiros tiñan unhas rotas habituais, no caso da **Fentalá** cruzaba o Farelo —unha das áreas máis atacadas polos bandoleiros— cara terras de Cambam atopándose a miúdo camiño de Chantada ou de Portomarín, con paradas en determinadas casas nas que lle daban pousada, o que non era do agrado dos veciños de arredor. Por outra banda as accións delictivas realizábanas fóra do seu entorno social, en parroquias lonxanas á de orixe, reintegrándose logo a este medio de procedencia tratando de ofrecer a impresión de normalidade no seu comportamento. A impotencia para deter a estes individuos que vivían fóra da lei por parte dos corpos de seguridade era manifesta, e en moitas ocasións descoñécese o paradeiro final destas persoas —como no caso da **Fentalá** que desapareceu destas terras nos anos trinta—, en algúns casos pasaron pola cadea ó seren considerados responsables de delitos graves, sen embargo outros remataron as súas vidas integros na comunidade.

A forte dispersión do hábitat en pequenos núcleos favorece a actuación das gavillas, que cometían con frecuencia roubos e asaltos, sendo moi propicios para levarlos a cabo os días de feira. A feira era un acto social de gran importancia na sociedade precapitalista tradicional, realizándose nesta a selección da vítima, sendo así saqueados os labregos que viñan de vender as mulas en feiras da importancia de Monterroso, e tamén os tratantes. O tránsito por camiños e corredoiras era obrigado para poder desprazarse, facéndose de noite en boa medida o retorno das feiras e festas. Por elo tamén de xeito moi xeneralizado a poboación ía armada, con navallas e armas de fogo, estando esta costume moi estendida para prever os posibles roubos do diñeiro produto das transaccións económicas realizadas, polo que tamén era frecuente que a Garda Civil efectuase cacheos requisando as armas portadas. Os membros das gavillas, ó igual que os seus cómplices, estaban sempre ben relacionados co ambiente das feiras.

Rematamos facendo referencia á presenza das mulleres nas bandas de malfeitores, que na época estudada por Beatriz López Morán era dun 14% do total dos individuos documentados nos arquivos, estas aparecían como amantes, cómplices e bandoleiras, desempeñando un destacado papel no transporte das mercadorías roubadas. Algunhas delas, como Magdalena Rodríguez ou a lendaria **Pepe a Loba**, capitanearon gavillas e chegaron á categoría de mitos. Esta mitificación, que tamén se produciu coa **Fental**, débese máis que ás súas accións concretas —que sen dúbida foron considerables en número e algunhas en espectacularidade—, ás lendas forxadas nas que se mesturou a autoría de todo tipo de saqueos que se levaban a cabo co medo —que a poboación que viviu aquelas épocas lembra moi ben, e que os bandoeiros aproveitaban. E que no suposto de que as características do gavielleiro fosen ser *muller, cunha idade xa avanzada, solteira, que acostumaba a desprazarse de noite*, e arrastrase mala reputación no entorno, estas narracións orais préstanse axeitadas para chegar á mitificación polo pobo; aínda que non para exaltalas como mito positivo —o ladrón xeneroso—, senón que nelas vemos todo o contrario, poden moi ben pertencer á literatura popular tratando de sinalar a aquelas mulleres que non se amoldaban ou rompían coas normas da sociedade tradicional, eran o mal exemplo que non debían seguir, unha medida de autodefensa ou de autocontrol social, constituíndo un conxunto de narracións cunha base histórica verdadeira que teñen unha finalidade educativa na cultura que as transmite.



Estado na actualidade da Casa do Fental, en Olveda

